

ACTA PARA ATENDER Ó RECURSO DE ALZADA Ó EXAME PRÁCTICO PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTO DE PERSOAL TEMPORAL, CATEGORÍA CONDUTOR PALISTA .

Sendo ás 10:00 horas do día 07 de abril de 2021 no Concello de Ponteareas, este Tribunal cualificador nomeado por Resolución da Alcaldía de data 08/02/2021, para a confección da listaxe de contratación e nomeamento de personal laboral na categoría de condutor palista, aprobadas por Decreto 2020-2936, de 19/11/2020, e publicadas no BOP de Pontevedra, con data 03 de decembro de 2020:

Presidente: Sr. Carlos Potel Alvarelos.
Secretaria: Olga Bautista Porto
Vogal 1: Pablo Javier Alarcón Cortes
Vogal 2: Urbano Javier Costas Rodríguez
Vogal 3: José Domínguez Ricón

-A vista do recurso presentado o día 26 de marzo de 2021 co número 2454 por D. Roberto Carlos Rivas Alejandro e D. Domingo Fernando Vidal Soage, ámbos candidatos deste proceso. No cal expoñen que:

“Que na acta de dita proba se fai constar que nas bases se establece que a proba práctica constará do manexo de pala mixta e dous tractores

“-Que o día da proba só se nos fixo a práctica con un dos tractores e na puntuación só aparece puntuado un tractor”

E solicitan:

“-que se leve a cabo a proba do segundo tractor para cumprir co estipulado polas bases xa que dado que as puntuacións resultaron tan parellas o resultado de esa proba podería cambiar a orde da lista.”

-Tendo en conta que no día do exame práctico o tribunal plantexoulle ós candidatos a opción de facer o exame práctico cos dous tractores ou con un só e que elixiran cal deles querían e os candidatos elixiron facer o exame con un só. Circunstancia que por erro no se plasmou na acta anterior e se corrixe agora facendoo constar.

Con todo sometése a consideración do tribunal a reclamación e por maioría dos seus membros decídese aceptar a reclamación por que as bases precisan que a proba será cos dous tractores e non con un. En consecuencia estímase a reclamación e este tribunal acorda facer a proba práctica os tres aspirantes de condución e manexo do segundo tractor. Este tribunal convoca ós tres aspirantes:



-DÍA 23 DE ABRIL ÁS 10:00 HORAS NO PARQUE MUNICIPAL DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS SITO NA PARROQUIA DE AREAS, CTRA. DE GULÁNS, KM. 1,5, BARRIO DA CRUZ PARROQUIA DE AREAS.

ASPIRANTES CONVOCADOS PROBA PRÁCTICA PARA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2021	
APELIDOS	DNI
Vidal Soage, Domingo Fernando	***8312**
Alonso Pérez, Sergio	***8006**
Rivas Alejandro, Roberto C.	***0206**

RECURSO:Contra esta resolución, pódese interpoñer recurso de alzada ante o Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Presidente: Sr. Carlos Potel Alvarellos.
Porto

Secretaria: Olga Bautista

Expediente 9172/2020



Cod. Validación: 42TSL3SNA6QC7HQ6L FHKCDS | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2